

## MEMORIA FINAL PROGRAMAS EUROPEOS 2018-2019

### IES DE RODEIRA

Para o ano académico 2018-2019 realizáronse as seguintes actuacións desde o Programa de Departamentos Europeos:

- Organización da coordinación dos Programas Europeos:** comézase a organizar o Departamento de Programas Europeos coa incorporación de Pilar Mariño e Rosa González. Comézanse a recoller actas dos acordos adoptados e fíxase como hora de reunión habitual os martes de 11:20 a 12:10. Aprobouse o **Plan de Desenvolvemento Europeo** en Consello Escolar o 4/12/18 onde se recollen as liñas mestras de actuación do Departamento para o período 2018-2020 e inclúe aspectos relativos á Educación Escolar, Formación Profesional, Educación Superior e Educación de Adultos. Propúxose como obxectivo contar para o curso 2019-2020 cunha liña de actuación en cada sector escolar. Hai unha asignación horaria de 2 horas para o coordinador e 1 hora para os outros dous membros.
- Programas nos que participamos** neste ano académico:

| Título                         | Identificación proxecto           | Sector                 | Alumnado | Persoal | Orzamento (gastado)  |
|--------------------------------|-----------------------------------|------------------------|----------|---------|----------------------|
| 2017-1-ES01-KA103-036838       | FCT no estranxeiro                | FP (Ciclos Superiores) | 2        | 0       | 2.333€<br>(2.333€)   |
| 2018-1-ES01-KA101-049430       | Vinculándonos con Europa          | Secundaria             | 0        | 12      | 24.072€<br>(16.891€) |
| Practicum Depo Pontevedra 2018 | Prácticas laborais no estranxeiro | FP (Ciclos Medios)     | 3        | 0       | -                    |

- Programa KA103-2017** de FP Ciclos Superiores: 2 alumnos do Ciclo Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede realizaron o módulo FCT na empresa TeachKloud en Cork (Irlanda). Xestionouse mediante un intermediario (WHITE in Ireland) que proporcionou a empresa, aloxamento e transporte. As prácticas profesionais foron exitosas e vinculadas á área de programación, se ben o aloxamento estaba situado a bastantes quilómetros da cidade o que limitaba bastante a súa capacidade para moverse pola zona.
- Programa KA101-2018** de Educación Superior: é un programa ambicioso que nos obrigou a dotar de estrutura institucional no instituto. Fíxéronse dúas convocatorias para seleccionar persoal (12) disposto a realizar as mobilidades. O 75% das mesmas xa foron realizadas e só restan 3 que se completarán durante o curso 2019-2020.

| Candidaturas presentadas | Seleccionadas | Mobilidades realizadas no curso | Cursos (días) | Job-shadowing (días) |
|--------------------------|---------------|---------------------------------|---------------|----------------------|
| 16                       | 12            | 9                               | 44            | 14                   |

| <b>MOBILIDADES REALIZADAS 2018/2019</b> |  |                      |                               |
|---|--|----------------------|-------------------------------|
| <b>Días</b>                             | <b>Descrición</b>  | <b>PAÍS</b>          | <b>Docente</b>                |
| 4                                       | Job-Shadowing  | Portugal (Açores)    | David Fernández               |
| 5                                       | Job-Shadowing (2)  | Portugal (Açores)    | Raquel Seoane, Fabiola Cobián |
| 12                                      | How to use tablets, smartphones, educational apps and social media in your Classroom (2) | Irlanda (Dublín)     | Carmen Soto, Manuel Sánchez   |
| 12                                      | Educational Apps and Audiovisuals in the Classroom                                       | Italia (Florenca)    | Patricia Caride               |
| 6                                       | Build your App, teach your students how to build their Apps!                             | Irlanda (Dublín)     | Sonia Novoa                   |
| 5                                       | Smart Teachers Play More   | Islandia (Reikjavik) | Guillermo Carballido          |
| 12                                      | Intensive English Course and CLIL for Teachers   | Irlanda (Dublín)     | Nieves García                 |
| <b>68</b>                               | <b>TOTAL DÍAS</b>  |                      |                               |

5. **Programa Practicum Depo** de FP Ciclos Medios: é un consorcio da Deputación de Pontevedra co que vimos colaborando desde hai anos. Neste curso escolar enviáronse 2 alumnos do CM de Xestión Administrativa durante 11 meses á Escola de Barcelos, nos servizos administrativos (de xullo 2018 a maio 2019) e 1 alumno do mesmo ciclo a partir de xaneiro do 2019 até decembro 2019 en Cork (Irlanda). Estamos moi satisfeitos deste programa pola capacidade que lle permite ao alumnado de realizar unhas prácticas laborais, nun contorno real de traballo.

| <b>Sector</b>    | <b>Candidaturas presentadas</b> | <b>Seleccionadas</b> | <b>Tempo total (meses)</b> |
|------------------|---------------------------------|----------------------|----------------------------|
| FP (Ciclo Medio) | 5                               | 3                    | 15                         |

6. **Impacto e difusión** no centro escolar e na comunidade educativa:

- a. Creouse un **taboleiro de anuncios** na entrada do centro onde se publican todas as novas relacionadas co programa. Publicáronse todas as novas na **páxina web** do centro.
- b. Abriuse unha **nova liña de formación** no centro (Programas Internacionais) cun curso de idiomas de inglés e outro de portugués de 20 horas cada un. Participaron 12 docentes en inglés e 12 en portugués aos que se lles certificou 50 horas de formación (20 horas curso e 30 horas de seminario).
- c. Publicáronse 3 novas no Faro de Vigo sobre as mobilidades de estudantes de ciclo medio e superior e dos docentes.
- d. Publicouse na revista do Instituto (Abre os Ollos) artigos do alumnado participante nos proxectos e un resumo do feito polos docentes.

7. **Novos programas solicitados** e aprobados: solicitáronse novos programas para cubrir todos os sectores escolares sendo aprobados para desenvolver no curso 2019-2020. Co obxecto de preparar o proxecto KA102-2019 realizouse unha xuntanza preparatoria en Braga, na escola Sá de Miranda, o 23/01/2019 ao que asistiron Pilar Mariño e Sérgio Nunes. Desa reunión obtívose a aprobación da escola para acoller o noso alumnado durante 11 meses en prácticas e nós dimos o compromiso para acoller até 8 alumnos no noso instituto durante o curso 2019/2020. Durante o mes de xaneiro redactáronse os novos proxectos (KA102, KA103 e KA104) para presentar no mes de febreiro. Todos eles foron aprobados no mes de xuño 2019, ao que se incorporarán os proxectos eTwinning e de intercambios escolares que leva o Departamento de Francés, co que teremos os seguintes proxectos:

| Título                         | Identificación proxecto           | Sector                 | Mobilidades Alumnado | Mobilidades Persoal |
|--------------------------------|-----------------------------------|------------------------|----------------------|---------------------|
| 2019-1-ES01-KA102-063458       | Portugalizando                    | FP (Ciclos Medios)     | 4                    | 2                   |
| 2019-1-ES01-KA103-060371       | FCT no estranxeiro                | FP (Ciclos Superiores) | 6                    | 2                   |
| 2019-1-ES01-KA104-063464       | Internacionalizar para os adultos | Adultos                | 0                    | 8                   |
| Practicum Depo Pontevedra 2019 | Prácticas laborais no estranxeiro | FP (Ciclos Medios)     | 5                    | 1                   |
| eTwinning                      | Pendente de aprobación            | ESO                    | -                    | -                   |
| Intercambio escolar con Franza | Escola en La Rochelle             | ESO/Bach               | 15 (aprox)           | 2                   |

8. **Propostas de mellora** para o ano académico 2019-2020. Seguindo o establecido no Plan de Desenvolvemento Europeo:
- a. Proponse como principal obxectivo incorporar novos membros ao Departamento e distribuír funcións e responsábeis.
  - b. Establecer un Plan de Difusión e Impacto dos programas Erasmus+ no IES de Rodeira.
  - c. Potenciar a páxina web do centro, actualizando os contidos e disponibilizando o acceso a todos os materiais dos proxectos europeos.

9. **Resumo das mobilidades 2018/2019:**

| Sector                 | Solicitantes | Alumnado | Persoal | Tempo total (meses) |
|------------------------|--------------|----------|---------|---------------------|
| FP (Ciclos Superiores) | 2            | 2        | 0       | 4                   |
| Secundaria             | 16           | 0        | 9       | 3                   |
| FP (Ciclos Medios)     | 5            | 3        | 0       | 15                  |
| <b>Total</b>           |              |          |         | <b>22</b>           |

En Cangas, 30 de xuño do 2019